

CÁTEDRA

Premio de Investigación Concello de Pontedeume 2000

TRADICIÓN E SIMBOLOXÍA NAS ROMARÍAS DE BREAMO EN PONTEDEUME

Esther López López

AS ROMARÍAS DE SAN MIGUEL DE BREAMO

Na provincia da Coruña, a carón da desembocadura do río Eume no océano Atlántico, localízase a vila de Pontedeume. Aínda que conserva o seu aspecto mariñeiro de outrora, na actualidade parece máis ben unha vila con vocación comercial e turística, sendo xa poucas as xentes que se adican ó mar. Malia a modernidade das súas xentes, Pontedeume é tamén unha vila cun grande sabor histórico proporcionado polo trazado das súas rúas e polo seu lousado; así como pola estrutura de moitas das súas casas e dos edificios que quedan como constancia do tempo que leva existindo como asentamento urbano. Pero non son só as rúas as que gardan ese gusto polos tempos pasados, as xentes coas que teño falado dos feitos culturais que se levan desenvolvido na vila, deixan adiviñar ese mesmo agrado polas lembranzas do acaecido noutras épocas; por repetir ano tras ano aquelas celebracións que compracían os seus devanceiros e por repetilas coa menor variación posible.

Dentro destas celebracións tradicionais que gustan reproducir os habitantes da vila eumesa encóntranse as romarías que se realizan na cima do monte Breamo, a elevación que se ergue tapando a face sur da localidade, parapetándoa e sumíndoa nas sombras.

Anque a seguir eu falarei coma se se tratase dunha soa romaría, cómpre dicir que son dúas as que de feito se conmemoran: unha no mes de maio e a outra no mes de setembro. Ambas as dúas coinciden coas datas que a Igrexa católica ten asignadas á honra de San Miguel arcánxo, toda vez que a primeira delas na secuencia temporal anual vén tendo lugar o día oito de maio, coincidindo coa xornada adicada no calendario eclesial á lembranza da



aparición do arcanxo San Miguel á Virxe María; namentres que a segunda no tempo se celebra o vintenoventa de setembro, que a Igrexa consagra ó recordo dos arcanxos San Miguel, San Rafael e San Gabriel. Esta segunda romaría recibe por parte dalgunha xente o alcume de "San Miguel das uvas", dada a proximidade do tempo das vendimas.

Se reparamos nas datas de celebración destas romarías podemos decatarnos de que o tempo considerado como de verán cadra xusto no medio delas; de maneira que os eumeses poden dicir, coma de feito o fan, que o tempo das festas queda entre os dous Breamos, ou, como eles din : '*Aquí o tempo das festas empeza cun San Miguel e remata con outro San Miguel*'. Se, fixándonos no que os mesmos eumeses din, acudimos ás conclusións do doutor Honorio Velasco, para quen a festa "*no es sólo la regulación del tiempo laboral, sino una general regulación del tiempo*", e temos en conta que esta aseveración lle permite, coincidindo coas ideas de Leach, afirmar que as festas ordenan as secuencias temporais de cada sociedade, establecendo períodos e ciclos; poderíamos, do mesmo xeito, dar por certo que as romarías de San Miguel actúan como marcadores do ritmo temporal na vida eumesa. Pero é un ritmo temporal que posiblemente variara no seu significado superficial, xa que, se ben non hai moitos anos indicaba o inicio das festas parroquiais das aldeas eumesas e dos lugares próximos, hoxe serven como indicadoras do inicio e remate da tempada turística e do tempo estival.

Esta variación de significado aparece da man dunha evolución experimentada pola sociedade galega en xeral, que dende os últimos trinta anos foi cambiando o modo de vida dun xeito paulatino, aínda que grande. De maneira que se antes a mocidade acudía ás festas de todas as parroquias co fin de se divertir e na procura dunha das poucas ocasións existentes para manter unha relación interxéneros, na actualidade a popularización do automóbil e a apertura de moitos centros de diversión fan que estas queden como algo pertencente ó pasado e non teñan para os mozos a mesma importancia que tiñan para os seus maiores. De feito moitos dos organizadores destes eventos festivos quéixanse con frecuencia da pouca asistencia da mocidade a eles.

Mirado dende este punto de vista, compréndese que se Breamo significaba para os eumeses de maior idade o comenzo e o peche da temporada festiva, para os mozos e mozas de agora pasou a significar a apertura e o peche da temporada turística e estival; pero segue a significar unha ordenación temporal anual. Así pois, coido que estamos en condicións de afirmar que as romarías de San Miguel de Breamo funcionan como marcadores temporais da vida eumesa de tal xeito que a estación estival se atopa no medio das dúas celebracións.

Sen embargo, a significación temporal non parece ser a única razón que envolve estas dúas romarías que, antes ben, parecen operar tamén como o grao máximo da manifestación do "*ser eumés*", como o maior acto de conmemoración da identidade eumesa, como un daqueles actos que son capaces de provocar na xente o sentimento de se saber verdadeiro eumés. Así mo explicaba un

1. Honorio Velasco, Tiempo de fiesta, Asociación Madrileña de Antropología.

informante: "*O Breamo é algo distinto, diferente. É difícil de explicar...No Breamo é donde te sintes 'real e intimamente eumés'.*".

Este tipo de sentimento con respecto ás romarías de Breamo aparece dun xeito bastante xeneralizado nas esexeses dos meus informantes, para os cales estas celebracións supoñen as festas máis significativas de todas as que se levan a cabo na vila. Aquelas coas que máis se identifican, ás que non se pode faltar. Evidentemente, estas romarías teñen tamén detractores. E existen aqueles ós que non lles gustan nada. Pero para a maioría dos eumeses cos que eu falei, as festas do Breamo significan algo moi importante porque encarnan a súa comunidade, denotan a súa pertenza ó grupo de veciños de Pontedeume e representan a súa vida en sociedade; ó tempo que lles serve como motivo de reunión e diversión xunto ós seus veciños e amigos. Un tempo de xolda que para moitos dos asistentes está imbuído dun halo de comensalismo e camaradería que o converte nun período de relaxación no que poden esquezencen as diferencias que os separan ou arredan no discurrir da vida diaria dentro da vila. Quizais sexa por isto polo que as romarías de Breamo son esperadas e nostalxiadas por boa parte da poboación eumesa.

A POSTA EN ESCENA (*PERFORMANCE*) OBSERVADA

Gardo bastantes recordos das miñas asistencias ás romarías de San Miguel de Breamo. Recordos moi divertidos e de grande valía para min en canto á relación cos eumeses que a elas asistían. Pero teño sempre presente a miña sorpresa do primeiro día no que decidín acudir ó San Miguel cando, ó chegar á vila, no canto de atopar un ambiente festivo e de algarabía, encontrei un pobo tranquilo e adicado ás tarefas cotiás. Foi tal o meu desconcerto que pensei que trabucara o día: Con todo o que me contaran sobre a festa, crera que era unha xeira de lecer absoluto e que na vila tamén se celebraba. Pero non. O único que rompía a monotonía diaria de Pontedeume eran os grupos de rapaces e rapazas que de cando en vez saían dos supermercados e tendas, que tiñan abertas as súas portas ó público. Os rapaces ían ataviados con pantalóns vellos e con camisetas brancas; algún levaba un pano anoado no pescozo e uns cantos cubrían as súas cabezas con sombreiros de palla.

A vestimenta que lucían si que me fixo pensar que estaba en Pontedeume o día no que tiña que estar, pois moitos dos eumeses cos que falara do tema deixaránme ben claro que para subir ó Breamo había que vestir roupa máis ben vella, que un non debía ir engalanado porque aló arriba era moi típico botar viño por enriba da xente. Tamén me dixeran que un bo romeiro, un romeiro tradicional, 'como debe ser', leva un sombreiro de palla; como o facían os eumeses doutras épocas, que levaban sombreiros deses de '*jipijapa*'; e que por suposto había que levar un pano anoado no pescozo, que era máis "*enxebre*".

Puiden comprobar que non son moitos os que levan o pano e o sombreiro, pero que si van con roupas de pouca gala. Non por razón do viño, xa que polo menos as veces que eu subín á roma-

ría case que ninguén tiña manchada a súa roupa, senón porque resultaban máis cómodas para gozar da festa campestre. Souben tamén que moitos eumeses protestaban a causa dese manchar con viño ós asistentes, dese costume '*traído de fóra, doutras festas que non son as da vila, porque aquí non se fixera ata que empezou a verse fóra*'; e que pasou o mesmo coas xiras do Eume nas festas patronais. Incluso moita xente tiña deixado de asistir ó Breamo por esa causa, e porque algúns dos asistentes que '*non sabían beber*' provocaban '*brincas*'. Sen embargo nos últimos anos a romaría volve a ser máis tranquila neses aspectos e a xente comenza a achegarse a ela de novo.

Ben, o caso é que xa sabía tamén que había un camiño '*tradicional*' para subir ata o cumio do monte, ata a ermida de San Miguel; de modo que esperei a que algún daqueles grupos comenzara a subida amosándome, así, a ruta que debía seguir.

Rematadas as compras, os rapaces fóronse dirixindo camiño da igrexa de Pontedeume, para continuaren cara ó Souto da Vila pola rúa da Fontenova. Moi preto do comenzo desta rúa abrése un pequeno desvío que, tras un empinado grupo de escaleiras que recibe o nome de '*o Monumento*', vai facendo camiño a través do Breamo para chegar á capela. Os eumeses incondicionais da romaría din que era este o camiño que seguían os antigos romeiros, e que foi o camiño que se seguíu sempre por todos os de Pontedeume en todos os tempos. Eu supoño que había máis rutas para chegar ó cumio, entre outras cousas porque non se ía só dende a vila, tamén asistían ó Breamo xentes das parroquias e doutros lugares máis ou menos achegados; pero non dubido de que fora esa a ruta máis seguida polos eumeses e por aqueles que partían de Pontedeume. Se a defensa dese camiño xurdiu, penso que se debe á construción da estrada que circunda o monte, que fai que moitos dos asistentes se acheguen en coche á cima ou que vaian camiñando polo trazado dela, o que ós amantes da tradición non lles gusta demasiado.

Cando un opta por acceder á cima a pé e seguindo a ruta tradicional debe ir, como bo romeiro, provisto dunha bota de viño e dalgún pinchiño de comida para facer doado o camiño. Durante o ascenso non queda máis remedio que se deter, aínda que soamente sexa para coller folgas co fin de continuar a subida, pero estas detencións, ou '*paradas*', como lles chaman os romeiros, aproveítanse tamén para botar un grollo do viño que vai na bota e para comer un algo, de xeito que o viño non faga mal no bucho ou na cachola. As veces que fixen este camiño fun acompañando grupos diferentes, pero todos fixeron as '*paradas*' aproximadamente nos mesmos lugares. Preguntei se existían uns sitios establecidos para parar ou se cada un paraba alí onde lle cadraba mellor, sen embargo as respostas recibidas non me aclararon nada, de xeito que a día de hoxe aínda non son quen de dicir se as '*paradas*' teñen un lugar prefixado ou ben as coincidencias se dan porque a dureza da subida comenza a se sentir máis ou menos neses mesmos puntos. De todas maneiras supoño que o lugar donde se fagan as paradas non ten demasiada importancia, o que si a ten, polo menos no sentir dos máis mozos, é efectuar eses descansos, porque neles se charla, se gastan bromas e se goza da subida ó monte mentres toman uns bos grollos de viño e, ás veces, tamén doutros licores. Porque a rapazada máis nova '*non se conforma co viño e levan botellas nas que fan esas mezclas de bebidas ás que lles chaman 'calimocho', 'litronas', ou cousas así...máis fortes*'. Os

maiores intentan convencelos de que non deben facer iso e de que, ademais, deben tomar algo de comida para que o que beben non lles faga tanto mal, pero para eles a festa consiste nesto: *'empexan xa con forza dende a mañá e moitos cando chegan arriba xa van moi bébedos, algún ten chegado cunha boa borracheira e xa non disfrutan da festa. Isto non é ir ó Breameo'*. Por outra banda algúns dos romeiros para aturaren ben a bebida e manteren a raia a subida do alcohol levan consigo un anaco de bacallao salgado e, de cando en vez, comen un anaco del. Din que así é moito máis difícil que o alcohol faga efecto, que retrasa os seus efectos.

Pero ademais do viño que eles levan, os romeiros poden beber do que lles ofrecen os propietarios das poucas casas que bordean o camiño de subida; onde, ademais, poden pedir unha cunca de caldo que as mulleres fixeron para ese fin. Os máis enteirados afirman que estas ofrendas seguen a se facer para lembranza do costume de dar de comer e beber ó romeiro, pero tampouco falta o que di que iso non era costume, que responde a iniciativas das xentes que foron facendo as casas aí, porque de feito esas casas se ergueron hai relativamente pouco tempo. O certo é que nas beiras das casas hai unha barrica da que pode beber aquel que o desexe e que -polo que eu vin- a quen pide a cunca de caldo danlla sen problema.

E así, entre paradas, risas, charlas e conversas, a ruta seguida a través do monte vainos levando cara ó seu cumio, que é o propio lugar da romaría. O camiño desemboca preto da ermida de San Miguel, único vestixio do que no seu día fora convento de agostiños regulares e priorado de San Miguel de Breameo. Este é o escenario no que a partir deste intre vai ter lugar a festa de San Miguel, alomenos ata o luscofusco, momento no que os romeiros comenzarán a baixar o monte porque arriba non hai luz.

É o día do agasallo do monte Breameo. Todo esta preparado para gozar en todas as facetas desta romaría: a ermida abriu as súas portas e a imaxe de San Miguel arcanxo coa espada na man pisando o demo para envialo ó lugar que lle corresponde, na parte baixa do mundo, está situada á esquerda do altar. A *"poñedora"* empezou xa a prodigar as bendicións do Santo e decenas de cren-tes agardan a súa quenda para *"poñer o Santo"* coa esperanza de que os libre dos seus males. Máis tarde terá lugar unha misa e unha procesión arredor do adro eclesial co icono de San Miguel.

Os recién chegados vanse preparando para levar a cabo outro dos ritos máxicos cos que se envolve esta romaría: o de dar nove voltas rodeando o templo; aínda que no número de voltas non están todos de acordo porque mentres que uns din que son nove, outros opinan que sete, e uns cantos din que son tres as voltas que lle hai que dar ó templo. No que coinciden todos, e que incluso recalcan os conciliadores, é no feito de que sexan cantas sexan as veces que se rodee a igrexa, ten que ser sempre un número impar, por aquilo dos números cabalísticos. Tamén coinciden no feito de que para que o desexo solicitado sexa concedido as voltas han de se efectuar en completo silencio e seriedade.

Durante boa parte da mañá e da tarde conviven no cumio do Breamo a severidade e reco-llemento das actividades relixiosas co balbordo e xolda da parte profana da romaría. De tal xeito que as proximidades da igrexa están ardeadas por uns cantos bares ambulantes que despregan as súas barras e toldos co fin de que non falte a ledicia que produce o alcohol. Un pouco máis afastadas, algunhas rosquilleiras montaron os seus postos ateigados de rosarios, rosquillas e outras lambonadas para os máis pequenos. De cando en vez soben á cima outro tipo de vendedores ambulantes que, se ben non estorban, para moitos dos asistentes incondicionais, coa presenza de dous ou tres "toldos" e unha ou dúas "rosquilleiras" chega dabondo para que a festa estea moi ben, non fai falta máis, a non ser a animación dun grupo de gaitas que amenicen coa súa música a romaría; a poder ser, que o grupo sexa da vila. Con isto alcanza para que a romaría sexa un éxito porque o que se espera desta celebración é poder pasar o día no monte cos amigos e veciños a base de enchentes, charlas, bromas, cantarelas e outras actividades de relación e comunicación.

Para aló do adro, protexidos por unha frondosa vexetación de ramas e feitos, os 'sitios' que os romeiros elixiron para a súa comida campestre dese día. Alí algúns montaron as súas mesas e bancos, outros sentarán directamente no chan; uns cantos escollerán como lugar de celebración da súa comida as mesas que o Concello levantou pola parte traseira do monte, co fin de que o lugar poida utilizarse como merendeiro. Estes lugares van ser os que a partir das tres da tarde aproximadamente vaian cobrando preponderancia a medida que o adro eclesial comece a baleirarse dun xeito paulatino e o balbordo que o acompañaba se vaia trastocando en calma, e nun silencio roto unicamente polas voces duns poucos vagarosos e o eco das conversas mantidas polos comensais que nos seus respectivos grupos saborean as viandas cociñadas. Despois das cinco ou seis da tarde a animación volve ser a compañeira do adro eclesial ata que a escuridade fai aconsellable emprender a baixada do monte ata a vila, onde se continúa coa celebración polos locais de diversión nocturna e tamén na verbena da praza do Pan.

A ROMARÍA VIVIDA

Cando o traballo que un realiza precisa de que a xente lle conte o que fai e o que sente, resulta ás veces desesperanzador. Non porque aqueles cos que charlas dos diversos temas se neguen a te axudar, senón porque a eles mesmos lles custa traballo en determinados momentos pensar e explicar aquilo que fan de sempre, os seus costumes e as súas tradicións. Así, cando eu preguntaba sobre o Breamo, a contestación temida e repetitiva viña sendo que esta era unha romaría coma outra calquera, xa que ías comer e beber, pasar o día de foliada e voltabas para o pobo. Aí acabábase todo. Pero a min non me cadraaba tanta simplicidade cando todos aqueles cos que falaba deixaban ver un amor especial por esa romaría, máxime cando eles mesmos adoitaban apostilar esta sinxela descrición cunha expresión do tipo "*pero Breamo é moi especial*".

Despois de levar algún tempo facendo este tipo de entrevistas coa xente de Pontedeume, esa forma de se interesar polos costumes dun pobo que chamamos '*traballo de campo*', cheguei á

conclusión de que moitas veces é difícil falar das propias cousas, analízalas, e iso fai que moitas persoas dean respostas esquivas. Por outra banda acabei convencéndome de que a postura das xentes dun pobo ou dunha vila é sempre ambivalente: mentres que dun lado queren ser coma todo o mundo, supoño que é un xeito de '*sentirse no mundo*', e entón sempre igualan as súas festas e costumes cos doutros lugares; polo outro queren sentirse especiais, polo que as súas festas e costumes teñen un algo distinto e incluso único. De maneira que para acadar un pouco de entedemento non queda máis remedio que ir abrindo camiño entre o que é igual e o que é, ou pode ser, diferente en cada festa e acto considerado como tradicional.

Nese '*abrirse camiño*' polo mundo do significado, ou posible significado que poidan desempeñar as tradicións, costumes e modo de actuar dun pobo, resulta primordial, para todo estudo que se basee na etnografía, a descrición. Tanto a do que o propio investigador '*ve*', como a de todo aquilo que lle é contado polos oriundos do lugar, os que o viven e o senten. Unha descrición na que se contemplan o maior número de detalles posible. O que Geertz chama '*descripción densa*'².

Con vistas de acadar unha descrición desas características resulta conveniente agora comezar a relatar o que me foi contado polos propios eumeses acerca das romarías de Breamo. Dado que convén esquencer a menor cantidade de detalles posible, cómpre iniciar este relato falando dos preparativos iniciais, pois como en todas as festas e actos comunitarios a organización do evento forma parte xa da conmemoración e da diversión que se espera, sobre todo cando o éxito da velada depende do que o grupo ó que un pertence teña preparado. E é que ó Breamo se asiste en grupos. En grupos familiares ou en cuadrillas de amigos. De tal xeito, aqueles que van asistir unidos á romaría han de acordar todo o que precisan para realizar a comida, repartir as tarefas necesarias, tales como a elección do lugar, '*sitio*', no que van comer; límpialo de fieitos e maleza, preparar as mesas; nalgúns casos, amañar un espazo que poda usarse como servizo; decidir quen leva para arriba todos os utensilios precisos na mañanciña da romaría... En fin, todo un cúmulo de traballos que a celebración de San Miguel require.

Atendendo ás esexeses dos meus informantes, atreveríame a dicir que a elección dos '*sitios*' está, nalgúns casos, suxeita a unhas normas que se poderían considerar consuetudinarias, xa que para escoller o lugar no que se vai realizar a comida dese día moitos dos asistentes soben ó monte un día antes e deixan un sinal a fin de indicar que ese '*sitio*' está reservado. Pode ser, por exemplo, unha cinta atada nunhas ramas. O caso é que os que van detrás saben que ese espazo xa está ocupado e marchan na procura doutro. Por outro lado, segundo teño sabido, algunhas das familias que asisten a todos os Breamos teñen o seu '*sitio*' de sempre e non fai falla que o sinalen, porque os demais xa o coñecen e o respectan. Pero non todos os romeiros van escoller o '*sitio*' o día anterior, quedan uns cantos que soben ó monte moi cedo na mañá do día de San Miguel e fan o seu asen-

2. Geertz, La interpretación de las Culturas, Ed.: Gedisa.1.990

tamento no lugar que máis lles convén dos que quedan baleiros. E os máis novos, normalmente, van buscar o seu espacio para comer xusto á hora de ir xantar, porque adoitan comer bocadillos ou viandas doadas de carrexar.

Unha vez buscado o espacio onde celebrar as comidas respectivas e de amañar o lugar axeitadamente, aqueles que levaron para arriba todos os aparellos precisos deixan aparcado o coche no que se chegaron aló e baixan á vila para '*facer o camiño*' de subida á cima. Nun primeiro momento, e dado que as veces que eu fixera o camiño ó través do monte encontrara poucas persoas na idade madura ou maiores, ás que por riba lles escoitei bastantes queixas debidas á dureza da subida á vez que facían votos de que o próximo ano irían en coche, pensei que a meirande parte dos romeiros que andaban o camiño pertencían ás idades comprendidas entre a adolescencia e a xuventude. Sen embargo, fun avisada de que cometía un erro, xa que o feito de que no día de hoxe se dispuxese de coche o único que facía era facilitar a tarefa de subir as pertenzas: '*xa non hai que ir carretando as bolsas*'; pero que os que os subían voltaban para abaixo co fin de subir andando a segunda vez.

Avisada deste erro e coñecendo polas miñas lecturas de antropoloxía que moitas veces o considerado tradicional, '*de sempre*', pode presentar un índice alto de relatividade, quixen asegurarme do grao no que o camiño do '*Monumento*' podía ser considerado dese xeito. Gracias ás miñas enquisas puiden saber que é ese o camiño que se considera '*tradicional*' porque é o que a xente maior recorda que se fixo dende que eles teñen acordo, ademais de que era o sendeiro que os seus pais facían, e os seus avós. Pero souben tamén que non ten por que ser o único camiño a seguir, porque se por exemplo cadra a romaría nun día de chuvia intensa, algúns romeiros deciden acceder á cima continuando o trazado da estrada. O mesmo sucede cando chega a hora de baixar, xa que non todos os asistentes descenden polo '*camiño do Monumento*': '*hai quen che di: 'Eu toda a vida baixei por Cermuzo', e baixa por Cermuzo. Ou: 'eu toda a vida baixei polo Monumento', e baixa polo Monumento. O que pasa é que para baixar polo Monumento hai que vir moi sereo... Son todo escaleiriñas e...normalmente, para baixar, casi ninguén baixa por aí. Case todo o mundo vai dar a volta polo Souto da Vila.*'

Estas afirmacións rompen a impresión que sacara das miñas charlas con algúns dos informantes, segundo a cal era o camiño do '*Monumento*' o único válido para aqueles que querían facer unha romaría de Breamo axeitada á tradición; e varianna, tal e como suxerín ó principio deste artigo, entendendo que existen máis sendeiros para acceder ó cumio do monte, sen que por iso a romaría perda un anaco da súa especificidade; aínda que para os incondicionais da romaría o camiño que deba seguirse sexa o considerado como tradicional.

O que non cheguei a coñecer é o motivo polo que a ese camiño se lle chama do '*Monumento*'. Algunha persoa das que entrevistei pensa que o que recibe ese nome é o lugar no que está. Baséase, para chegar a esa conclusión, no feito de que algunha xente posúe leiras nesa parte

do monte e en que para referirse a elas utiliza expresións como: “*a leira de aí, do ‘Monumento’*”, ou: “*teño un terreo alí no ‘Monumento’*”. Pero a orixe da denominación non parece ser coñecida, alomenos eu non fun quen de averiguar até o momento.

Relacionado tamén coa subida encontramos ese costume, que xa mencionei con anterioridade, de que os propietarios das casas edificadas na ladeira do Breamo, segundo se segue o camiño do *'Monumento'*, deixan fóra das vivendas barricas con viño para que os romeiros beban del se é o seu gusto. Acerca dese costume tiña sido informada de que se facía en lembranza da tradición de dar de comer e beber ó romeiro e déuseme a entender que había moito tempo que ese costume se realizaba na subida. Máis tarde encontrei que aquí había outro erro, que isto de deixar o viño fóra da casa como invitación respondía a iniciativas particulares: *'antes non se facía. ¡Si antes a penas había para bebelo na casa!. Ademais algunhas casas desas levan aí dende os anos ochenta ou pouco máis'*.



Escaleiras do Monumento.

Pero sendo a subida ó monte un dos ritos máis sobresaíntes destas romarías, merecen, dende o meu punto de vista, que nos paremos a analizarmos un pouco máis o seu desenvolvemento, así como a evolución que seguíu no tempo. Para facermos isto convén apuntarmos que ó Breamo non se sobe en procesión, senón que os romeiros van facendo o camiño dende a mañanciña dun xeito graduado e no momento que a cada un lle parece máis axeitado. Hai uns cantos anos, cara a mediados de século, aínda había unha procesión que subía o santo dende a igrexa de

Santiago de Vilar pola estrada. Sen embargo na actualidade non existe procesión, o que propicia que a subida se realice gradualmente.

Polo que eu puiden observar e obter dos meus informantes, existen unhas breves diferencias entre o modo de facer o camiño dos máis novos e o dos daqueles que están na idade madura. Os adolescentes e os rapaces adoitan subir ó Breamo en cuadrillas grandes, mentres que os grupos que conforman os maiores para a subida teñen menos compoñentes porque van subindo ó seu ritmo e únense na cima. De feito os rapaces normalmente únense para facer o camiño de subida e de baixada do monte, mentres que no cumio poden estar ou non cos seus amigos. Os maiores, pola contra, van facendo o camiño cando mellor lles convén pero aló arriba fan todos xuntos a comida e gozan do día en compañía. Por outro lado, os máis novos pasan a maior parte do día no adro e arredores entre charlas e cánticos; pero ós de máis idade, ás veces, despois da comida, cústalles moito volver polo adro porque van prolongando a sobremesa e, cando se dan de conta, xa está a piques de ser a hora de empezar coa baixada.

E deste xeito vai transcorrendo o día da romaría, pero... ¿ como resumirían e definirían os eumeses a festa de Breamo? Unha persoa moi amante destas romarías, que por certo non naceu na vila, unha persoa "*venida*", como chaman os eumeses ás xentes que viven alí pero non son naturais de Pontedeume, díxome nunha ocasión que o Breamo era unha festa moi particular, que era difícil de entender se non eras eumés porque, máis que nada, o que se facía no Breamo era charlar. Falar con todo o mundo, incluso con aqueles cos que non falas na vila. E beber. Falar e beber con todos os que van, sen ningún tipo de limitacións.

Pero se para esta persoa o Breamo é particular, para algúns dos oriundos da vila estas romarías significan, se cabe, o mellor que pode ofrecerlles a comunidade na que viven: '*Breamo é moi especial, é quizáis o máis especial que ten Pontedeume. A xente vai a San Miguel pase o que pase e sintase como se sinta.*'. Xunto a esta forma de falar estábame a explicar que nin o mal tempo nin algún problemíña coa saúde impedía a subida ó monte o día da romaría. A pregunta inmediata que asalta ó investigador etnográfico é a seguinte: ¿Que é o que fai de Breamo unha festa tan especial para que a xente vaia aínda atopándose mal? Seguramente non hai unha única resposta que conteste á enquisa formulada. Coma sempre, as contestacións son algo confusas e hai que indagar na procura dalgunha explicación máis ou menos satisfactoria. Encóntranse varias, pero seguramente aínda hai máis que a min non se me ocorren.

Nun primeiro momento decátome de que como exemplo para que eu entenda o significado de Breamo unha rapaza conta que nunha das subidas ó Breamo non se atopaba moi ben de saúde pero que decidiu acudir malia todo. O seu estado físico non era o mellor que tiña gozado e notábase un pouco cansa e até mareada, de maneira que non deu as voltas arredor da capela nin foi poñer o Santo. O seu noivo púxose algo nervoso debido a estas omisións e non facía máis que lle repetir: '*Algo moi raro vai pasar. Isto non vai ben. Se non fas estas cousas, algo vai ir mal.*'. O pri-

meiro que cabe pensar é que se trata dunha cuestión de crenzas, pero explican que non ten por que ser así: 'é algo que fas desde neno e se che falta...non sei...é que as cousas non van ben.' Porque, a dicir deles, non se trata só de subir ó monte a celebrar a festa, hai que facelo como se fixo sempre e hai que cumprir cos ritos que se fixeron toda a vida.

E é que moitos daqueles cos que falei aseguran levar subindo ó Breamo toda a súa vida, xa que os pais os levaron cando eles eran uns críos, incluso teñen fotos de cando aínda ían no cochiño e xa estaban na romaría. Os que agora tiveron fillos fan o mesmo con eles e xa os soben á festa cando contan uns meses de vida. Para eles acudir ó Breamo constitúe '*a tradición de toda unha vida, unha tradición familiar*'; pois sempre foron os pais, pero xa ían tamén os seus avós. Aínda que a min se me figura que o costume e a tradición están entroncados dalgún xeito coa crenza nas bendicións deste santo, sobre todo se atendo a narracións coma esta: '*ó meu pai operárono a víspera de San Miguel e, saíndo da operación, cando xa estaba tal...:*' *Oe, che pido un favor, mira: mañá non quero que veñas aquí e que vaías ó Breamo, que vaías á misa a Breamo...I, bueno, que a miña nai dous días antes mandara á que amaña a capilla desde a floristería os ramos para poñer na capilla ...*'.

É posible que, como aqueles que non son moi crentes din, a subida a Breamo sexa unicamente unha cuestión de seguimento dunha tradición que os pais van inculcando nos fillos, pero neses dous exemplos de conversas que eu mantiven paréceme que agroma un asomo de fe, ou de crenza dalgún tipo. Por unha banda, a teima de que se deixan de realizar os ritos que envolven a romaría a sorte pode torcerse e aparecer algunha mala nova; doutra, o feito de que ó saír ben dunha operación un home pide ó seu fillo que non deixe de ir ese ano ó monte, á misa que se ofrece en honor de San Miguel, e de que a muller mande flores para adornar a capela; indúcenme a pensar nun xeito de agradecerlle ó Santo a bonanza da súa operación e no convencemento da eficacia dun ritual.

Sen embargo as crenzas e a fe en San Miguel non semellan ser as únicas características que fan da romaría ese fito especial que os eumeses esperan ano tras ano, porque estas datas serven tamén para se reunir con aqueles amigos ós que non se ve a diario. Polo visto aquelas 'pandillas' que se formaron de críos, entre os rapaces do barrio ou entre compañeiros da escola, e que se foron espallando cando, xa mozos, tiveron que saír da vila para estudar ou traballar, adoitan xuntarse de novo o día da romaría para subir ó Breamo; aínda que esa xuntanza non signifique máis que facer unidos o camiño de ascenso, o de baixada e, normalmente, a comida campestre: "*Si, súbese en pandillas, pero aló arriba pode andar cada un polo seu lado*".

Polo que me explicaban, a romaría de Breamo supón un día de xuntanza pero sen ataduras. É dicir que aínda que vaian todos en grupo durante o camiño, unha vez chegan arriba cada un pode andar por onde queira, estar con outras xentes distintas ás do seu acompañamento, pode '*moverse con liberdade*' pero iso si, á hora de baixar do monte volverá na procura do seu grupo de amigos, os que

o esperarán ou irán na súa busca. Pero esa liberdade non afecta só ó grupo de xente coa que un está ou deixa de estar. Vai máis aló, alcanza a todo aquilo que unha persoa pode facer no cumio do monte: *"podes estar bébedo, teimudo, pelexar con alguén, dicirlle catro cousas a outro ó que lle tiñas ganas...calqueira cousa, que despois ninguén che di nada abaixo. Fixéchelo no Breamo e xa está"*.

E é que o día de Breamo o viño corre máis de présa que de ordinario e xa se sabe que o alcohol ás veces bota para adiante a xente, que acaba por facer o que non debe. Por iso se desculpa, aínda que tamén se censure e se escoiten algunhas voces que cominan este comportamento apelando a que hai que saber beber. Para saber beber cómpre comer nese momento no que os efectos do alcohol comezan a subirse para a cabeza e esperar a que merme o súa forza, de xeito que *"conserves ese puntiño de alcohol que fai que estés contento, pero sen maiores consecuencias"*. Algúns, como xa dixen, levan consigo un anaco de bacallao salgado e de cando en cando comen un anaco. Aseguran que así o alcohol non fai tanto mal.

Pero que se inxiran grandes cantidades de alcohol non é algo novo nesta romaría. Unha señora de idade avanzada decíame en certa ocasión :

*"A festa de Breamo era moi divertida pero o malo eran as pelexas. Chegaba un momento no que empezaban a berrar uns cos outros, uns cos outros...
_ ¡ Era a borrachera! ¡Era a borrachera!. Cortou unha veciña, explicando e dis - culpando esa conducta."*

A alusión á grande cantidade de alcohol que se consume nesta romaría pode encontrarse tamén nalgúns dos periódicos locais que se conservan na vila, e algúns escritores e poetas eumeses fan eco deste feito, como o poeta Miguel López Torre, quen remata así un dos seus poemas:

*(...) Do viño non fixen contas,
máis debe haber boa chea
se arreparo nos sembrantes
duns e de outros, que roxean;
aquí un trago, aló unha pinga,
vaise chegando a tormenta
que a de chegar cando as gorxas
a calor do inferno teñan. (...)*

Se reflexionamos un pouco arredor destes anacos que os eumeses foron contando, a impresión primeira é a de que estas romarías serven como válvula de escape a diversas tensións que se xeran na vila. O efecto catárquico destas romarías parece bastante claro atendendo a afirmacións como: *'En Breamo non hai nin un do PSOE, nin do PP, nin do BNG, nin EG nin...Non...Somos veciños de Pontedeume que vamos i que...I é un día de hermandad, máis que nada ¿non?. I de amigos.*

É un día de amigos. É un día no que te olvidas de... de todo para... para ir a pasalo ben". Entre os máis novos tamén se produce un efecto liberador no Breamo: "Aló arriba ti podes estar con quen queiras. Subes cos teus amigos pero alí se queres podes estar con outra xente. Tamén se aproveita ás veces para ligar: se abaixo ves un rapaz que che gusta e non te atreves a decirlle nada, esperas ó Breamo, porque alí seguro que llo dis .".

O lugar no que se celebran as romarías tamén propicia a catarse xa que é un espacio afastado da realidade cotiá, un lugar neutral, liminal. Un lugar, como veremos máis adiante, considerado sagrado; que é percibido como un espacio secular de adoración da divindade en todas as súas vertentes, polo que semella reunir as características idóneas para levar a cabo unha ruptura dos esquemas organizativos da vila, para o establecemento dunha "*Communitas*" na que a orde establecida se transfigura e lles deixa paso a outros lazos de irmandamento e de relación máis igualitarios ou, cando menos, para un descanso temporal dos desacordos e diferencias de opinión coas que se convive a diario.

A máis desto, o Breamo significa un reforzamento ós ollos dos outros dos lazos de relación que na comunidade resultan operativos, pois non podemos esquecer que ó Breamo se sobe en familia ou en grupos de amigos establecidos na vila; e que cada familia, unha das primeiras manifestacións de organización na sociedade eumesa, na que a unidade familiar amósase como moi importante, e non só como familia nuclear, senón tamén extensa; acouta un lugar no que celebrar a romaría cos seus. Un espacio que, ás veces, xa é considerado coma unha especie de propiedade: "*Algunhas familias que van sempre ó Breamo xa teñen o seu 'sitio' de sempre e llo respetan aínda que non haxa sinal*".

Así pois as romarías de Breamo parecen servir como romaxes onde a súa activación simbólica ademais de producir un efecto liberador entre os asistentes a elas, producindo un estado de *communitas* e de igualdade entre as xentes da vila, representan a segmentación habitual da comunidade.

Pandilla de sobremesa.



AS CRENZAS: A SACRALIDADE DO MONTE BREAMO

Ademais desta parte profana, as romarías do monte Breamo deparan ó interesado unha vertente profundamente relixiosa, mais non só no que atinxe á relixión oficial, senón tamén a outro tipo de crenzas menos recoñecidas pola oficialidade pero das que se fan eco os asistentes á celebración; de tal xeito que unhas crenzas se mesturan coas outras formando unha fe sincrética ou, simplemente, suceden ó mesmo tempo acompañadas dunha grande dose de tolerancia por parte de todos os asistentes. É máis, incluso aqueles que se declaran ateos cumpren con ritos que atinxen ás distintas cosmogonías que alí se representan, xa que por un lado van "poñer o Santo" e a misa e, por outro, cando menos dan as tres, sete, ou nove voltas circundando o templo como mandan os canons da tradición; ademais de lle render culto á natureza e ó deus Baco: "E dislle, se é que cúa - dra na discusión, 'ti non serás crente, pero no Breamo ben que pos o Santo'. '¡Ah! é que San Miguel é San Miguel".

"Es el Breamo la montaña sagrada de los puentedeumeses", escribe o frade Gumersindo Placer na páxina 37 do seu libro Crónicas de mi rincón natal. Tal semella desde logo se un escoita as historias que se contan en ocasións sobre o monte. Historias nas que se fan referencias a noites de bruxas na cima do Breamo, a ritos de iniciados que teñen como fin espantar as meigas; pero tamén a outros, máis antigos, que tratan do culto a outros deuses doutras horas e outras culturas anteriores. De tal feito da conta o escritor local Couceiro Freijomil:

"Aunque dejemos a un lado a los que, entrándose por los reinos de la fantasía, quisieron ver en Breamo un castro levantado por las gentes del fabuloso rey Brigo, no por ello hay razón para deshechar radicalmente la hipótesis de los que suponen que allí como en las cima de otros montes, hayan tenido culto las divinidades paganas. El celta habitó, si no en aquel lugar, en otros bien cercanos: evidentes huellas de su paso dejó en la próxima feligresía de Centroña"⁴.

Sendo así obxecto de fantasías, mitos e lendas dende todos os tempos, tal como nolo deixa adiviñar este erudito da historia eumesa, non cabía esperar que agora deixara de selo. Quizais sexa por iso polo que na cima do monte Breamo, nos días sinalados para a celebración das romarías de San Miguel, seguen tendo cabida todas as formas de sentir a divindade, e conflúen no espacio e no tempo os rituais que cada unha delas reserva para o desenvolvemento dos distintos credos.

Vemos así que, posto que as romarías están adicadas a San Miguel arcanxo, se celebran na súa honra dúas misas, unha pola mañá e outra pola tarde, seguidas dunha procesión que circunva-

4. A. Couceiro Freijomil. *Historia de Puenteume*. Ponteume, 1.981.

la o templo na que os crentes portan en andas a imaxe sagrada. Nestas procesións, como en todas as que eu puiden observar en Pontedeume, os fieis compoñen dúas ringleiras paralelas deixando un pasiño central para que o ocupen a imaxe, os portadores e o clero. En San Miguel non hai ningunha representación do concello nas procesións (alomenos eu nunca a vin). É este un dato curioso porque nas outras procesións da vila si que hai sempre algunha representación municipal ¿Por que non no Breamo? Porque se ben é certo que a ermida depende da freguesía de Vilar, non é menos certo que as romarías de San Miguel son sempre organizadas dende a vila, aínda que oficie a misa o párroco de Vilar. Será porque, como dicíamos antes, na cima do Breamo se intenta chegar a un grao de "*communitas*", de igualdade e irmandamento, e entón sobran as autoridades ¿Ou terá que ver co feito de que a festa a comenzou a celebrar a Confraría de San Miguel e esta estaba integrada por xentes de parroquias que non dependen de Pontedeume, aínda que este concello collera o relevo da celebración? Pode que ó final deste estudio poidamos ter algo disto aclarado. Pasemos de momento a observar cómo se desenvolve a parte do ritual relixioso da romaría.

Antes de nada cabe dicir que, como xa indiquei, me contaron que aínda nos anos setenta a imaxe de San Miguel, que estaba na igrexa de Vilar, era subida en procesión seguindo o camiño do Barro ata a capela de Breamo no mes de maio. E alí deixábase todo o verán para baixarse despois da romaría de setembro: "*San Miguel era considerado un santo moi 'avegoso' e a xente que traballaba nos campos achegábase e pasaba por debaixo da imaxe cando El era subido en procesión*".

"Pasaba a procesión por aquí detrás da miña casa, o chan estaba repleto de flores e subía moita xente acompañando ó Santo".

Na actualidade encárgase da capela un fregués da parroquia de Vilar. El ten o traballo de coidar de que todo estea en orde o día da romaría. A chave da capela está nas súas mans e se veñen visitantes durante o ano para ver a ermita deben poñerse en contacto con el. A súa muller era a persoa que poñía o santo as veces que eu acudín a poñelo.

O que non cambiou nestes anos foi a consideración cara a San Miguel, que segue a ser considerado coma un santo moi avogoso. A súa imaxe represéntao como un guerreiro que pisa as forzas do inferno vencendoas. Os crentes solicitan a súa axuda para moitos asuntos, sobre todo para aqueles relacionados coa saúde e aqueles que teñen que ver co "*Mal de ollo*".

A relixión oficial propicia e avoga por un San Miguel sandador. Unha "*Poñedora*", máis ou menos unha hora antes do oficio litúrxico, adícase ó labor de "*poñer o Santo*" a toda unha ringleira de crentes que esperan pacientes a que lles toque o seu turno para cumpriren co ritual. Este ritual consiste en que a poñedora, utilizando un crucifixo que leva a imaxe de San Miguel no punto central das aspas, debuxe unha cruz por riba do corpo da persoa que llo pide. A cruz comenza na cabeza do crente e chega ata o seu peito; a seguir, do ombreiro dereito vai ó ombreiro esquerdo do solicitante. Ó tempo que a cruz é trazada no aire, a poñedora recita os seguintes versos:

*“Santo bendito
Che quite a enfermidade
Che poña a sanidá.
Polo poder de Dios
e da Virxen María.
Un Padrenuestro e un Avemaría”.*

Unha vez rematado este acto, a poñedora dá a bicar a cruz coa que realizou o rito. O cren-te pedira xa o favor que espera lle sexa concedido polo poder de San Miguel e non se retira de alí sen botar unha esmola nun peto que se coloca a carón da súa imaxe:

_ " Si , hai que 'poñer o Santo' por suposto, e pídeslle un favor; pero é un favor pagado ¿eh? Porque che pon o Santo e recita: San Migueliño ..., rezas o responso e botas a limosna, porque están co Santo nunha man e coa volta na outra: Ou pagas ou non hai favor".

Outros asistentes, menos críticos que este con respecto ós poderes da concesión de favores por parte de San Miguel, ou mellor da Igrexa, que é a quen vai realmente dirixida a crítica; encontran razoable e lóxico que un teña que dar algo para conseguir aquilo que solicita. A reciprocidade atópase en todas as facetas da vida: cos amigos, cos veciños, cos poderes fácticos do pobo e de fóra... Todo parece estar dominado por aquela sentenza que di: ' o que algo quere, algo lle custa' ¿Por que van ser a divindade ou os santos diferentes ó resto das cousas? Dende o punto de vista dun estudioso do tema, esta postura ratifica que a cosmogonía reflicte o modo de vida que a xente elixe ou atopa na súa sociedade. Se os devotos "pagan", corresponden o favor que esperan conseguir de parte do Santo, lexitiman dalgún modo o funcionamento de reciprocidade coa que normalmente se desenvolve na vida diaria.

Algúns dos devotos de San Miguel non o corresponden unicamente mediante os cartos que depositan no 'limosneiro', senón que ademais compran cirios e velas e ofrécenllos ó Santo para darlle máis forza á súa petición. Tamén os hai que, como unha medida a maiores de reforzamento, se achegan á imaxe e tocan o seu manto, como esperando que este acto faga que sexa escoitado con máis urxencia. Os favores que se solicitan a San Miguel son de índole diversa: Os estudantes solícitanlle favor para acadar o seu aprobado, moitas mozas piden que se fixe nelas o rapaz que lles gusta, a curación de enfermidades varias, a súa intersección na boa resolución dalgún negocio... Pero tamén se lle pide protección contra eses males que a un lle acontecen por causa das meigas. Como ilustración deste último, vou transcribir a conversa mantida na romaría de Breamo cunha señora xa de certa idade.

Ó preguntarlle eu para que era bo San Miguel, que se lle pedía como favor, contestou:

— *"Eu creo que hai de todo, pero máis para pedirñe... Para pedirñe⁴ que che protexa"*.

— *Pero ¿de que?. ¿ Contra enfermidades?*

— *"¡Ai!, pódeche ser tamén... Pero nós ñe pedimos contra os males eses...Males de ollo e cousas así."*

— *¡Ah! Ou sexa que este Santo é bo para os males de ollo, envidias e esas cousas das bruxas?."*

— *"¡É! . ¡ Vouñe tocar o manto para que me protexa!. Serve para protexerte desas cousas que che digo"*.

Sepárase para lle tocar o manto. Eu fago o mesmo, por se acaso...

— *" Mira é que aquí, o Breamo, é un sitio moi especial... Dise que veñen as Bruxas a coller o codeso. ¿Sabes cal é o codeso? ¿Non?. Pois é unha herba que parece un toxo pero non é. Aí, detrás da capilla, hainas. Vai velas. Éche coma unha xesta, pero non o é se te fixas ben. Despós imos vela."*

— *¿Ti non escoitaches nunca por aquí vendo a algunha ó pasar: 'Esa vai coller o codeso a Breamo?'. ¿Non?. Pois dise moito cando ves a algunha subindo. Dise porque é unha herba que utilizan as bruxas...*

Aquí hai moita xente que sobe as noites de lúa chea, ou aí ó meterse o sol, e dá as tres voltas... ¡Ai si!, algún di que son nove...O caso é que tes que rezar un Padrenuestro en cada volta, e dalas caladiña para que te protexan. Porque...Haiche cousas moi raras..."

"Eu non creo moito, pero, por se acaso, ¿non sabes?"

Aínda que foi ésta a primeira persoa que falou do tema abertamente, en Pontedeume a sona de que Breamo é un lugar de reunión de meigas e de que aló arriba se levan a cabo ritos de embruxamento non resulta algo novo. Téñenme falado de bolos de pan cortados cun coitelo que apareceron na porta da ermida e doutros sinais que confirman que o monte se converte, ás veces, nun lugar idóneo para calquera tipo de maxias e encantamentos. Tamén se fala deste tema nalgúns artigos aparecidos na vila. É o caso do seguinte firmado por un tal Xan do Souto:

" (...) Se madrugáramos e estivéramos no Breamo moi cedoño, poida dar que ó espunta-la ialba, e nun día de brétema cando o sol quér asomar a sua face, encontraríamos aínda, algún currunchiño do adro mollado coa auga da orxía que víspora de San Miguel tivo."

4. Os eumeses substitúen con moitísima frecuencia o pronome 'lle' por 'ñe', tanto se vai ó final dunha palabra como se aparece só. É esta unha particularidade da súa fala que aínda que un non notase, alguén acabaría por facerllo ver, pois resáltano con orgullo.

Estas orxías sei que teñen lugar totalas vísporas: no maio e no setembro, e son feitas polas noites polas bruxiñas que aínda quedan na comarca eumesa."

Pero sen recorrer á literatura ou ás lendas xa vimos durante este escrito que as crenzas populares e os ritos procedentes doutras formas e manifestacións de feitos sobrenaturais se deixan sentir no Breamo, recordemos a aquel noivo que tiña medo de que ese ano as cousas non fosen ben porque a moza non cumprira cos rituais preceptivos na festa breamesa. Sen embargo, a relixión oficial prescinde por completo deste tipo de crenzas, sabe que se producen, pero non as aproba, chegando, incluso, a desprezialas. Así por exemplo, cando lle preguntei á poñedora do Santo sobre o poder das voltas que circundan o templo, respondeu: "*Eso son tolerías, non serven para nada. Algunha xente as dá, si, pero eso non son máis que tonterías. O que ten importancia, o que quita o mal, é o Santo. A Igrexa non manda eso. Non son cousas da igrexa*"

Na capela de San Miguel, no día das romarías, pode collerse unha postaliña que representa ó arcanxo provisto dunha espada e unha balanza e que lle pisa a cabeza ó demo, debaixo de quen arden as chamas do inferno. Polo envés da postal aparece escrita a oración seguinte:

Arcángel San Miguel, defiéndenos en la lucha, sé nuestro amparo contra la malignidad y las ensidias del diablo, ¡Impérole Dios!, te pedimos, suplicantes; y tú Príncipe de la celeste milicia con divino poder, lanza al infierno a satanás y a los demás espíritus malignos que vagan por el mundo para perder las almas. Glorioso Arcángel, defiende a España y su Iglesia. protege al Papa, para que podamos ver pronto el glorioso triunfo del Inmaculado Corazón de María. Amén.

Como vemos, tamén dentro da Igrexa San Miguel é o soldado encargado de vencer ó diaño, do mesmo xeito poderá contra influxo das súas servas as bruxas; parece, pois, lóxico que a xente solicite a súa axuda para se protexer contra os males provocados por aquelas persoas que teñen 'poderes' producidos polo influxo do demo.

De calquera xeito, a San Miguel de Breamo soben moitos romeiros que din non ter ningún tipo de crenzas daquelas que aló arriba se poden manifestar, pero soben porque cren no poder da tradición.

"La naturaleza, la religión, y el arte, se abrazan con las horas del día en las alturas del monte"⁵.

5. Gumersindo Placer. *Crónicas de mi rincón natal*. A Coruña, 1.977



Poñendo o Santo



A ORGANIZACIÓN DOS FESTEXOS

Parece que durante moitos, moitos anos, *'trinta ou máis'*, ocupouse de organizar e recadar para os festexos do Breamo un eumés de nome Juan Vázquez Serrano, apodado *'Juan León'*. Todo corría baixo o seu carrego, pero por se as cousas non saıran como se esperaba, o farmaceutico Leopoldo Dıaz Domınguez sempre deixaba claro que a festa ıa ter lugar de todos os xeitos: *'Si no reunes suficiente, estoy yo aquı'*, dicıa. De tal xeito a festa quedaba sempre asegurada, porque se o recadador non acadaba cartos dabondo, o farmaceutico terminaba de achegar o que se precisaba. Aıda que polo visto non debeu facer moita falta a axuda do licenciado xa que o organizador: *'El chaval se estimulaba, recaudı siempre incluso para sobrar dinero y poder hacer una obra de caridad por ahı a cualquier persona'*. Na actualidade a organizaciın dos actos cos que se conmemoran as romarıas de San Miguel corren ı carrego da Comisiın das festas patronais de Pontedeume, as festas das Peras. De maneira que ı tempo que recadan e organizan as festas das Virtudes, os comisionados reservan unha cantidade para poder celebrar as romarıas de Breamo. Ası, os actos que se levan a cabo dependen en parte dos gustos da Comisiın, de tal xeito que a parte dos rituais de subida, posta do Santo, misa, procesiın, comida e algunha gaita; pode haber ou non orquestra segundo a opiniın dos integrantes da comisiın de festas.

Persoalmente asistın ıs romarıas baixo a organizaciın de dıas comisiıns diferentes: unha das comisiıns festivas era partidaria dunha celebraciın do Breamo sinxela, na que a mısica estivese interpretada polo grupo de gaiteiros da vila e non estorbase as charlas e canticos dos romeiros. Nestas celebraciıns non tiın tampouco cabida un nımero grande de vendedores ambulantes. A outra Comisiın era partidaria de que houbera unha orquestra amenizando a festa e dando lugar ı baile no Breamo. ımbalas dıas posturas parecen ter seguidores entre os asistentes ıs romarıas.

Os que aproban que haxa un conxunto musical din que ası parece *'mıs festa'* e que se poden botar unhas pezas. Que resulta mıs divertido. Os que non aproban este tipo de actuacións comentan que se hai orquestra o espırito do Breamo queda roto, porque a mısica impide que a xente charle e cante ı redor do adro; despista e rompe o ambiente familiar que normalmente hai nas romarıas. Algıns chegan a dicir que nunca houbo orquestras no Breamo e que rompen o sentido tradicional desta festa. Isto ıltimo non se axusta moito ı que realmente ocorreu polo que me teın contado, xa que a dicir dun informante que ronda os setenta anos: *'Nos tempos dos meus avıs a festa era normalmente cun tambor e unha gaita. Nıs non. Nıs unha orquestra, e unha orquestra de categorıa'*.

Este tipo de discusiıns e puntos de vista diferentes colıcannos ante a diatriba que manteın algıns antropolıgos sobre a interpretaciın e reinterpretaciın da tradiciın. Xa que realmente parece que con cada nova conmemoraciın dun acto, sexa festivo ou doutras caracterısticas, considerado como tradicional, imos engadindo ou quitando novos elementos asociados ıs modos de pensar que en cada conmemoraciın priman na sociedade. De maneira que imos realizando novas

reinterpretacións das interpretacións que até nós chegaron dos tempos pasados, actualizando e reactualizando as actuacións que supoñemos ós nosos antergos.

Non quereda deixar de anotar por outro lado un problema de competencias que xorde debido ó feito de que na conmemoración das romarías de Breamo estean representados dous organismos de administración diferentes: A administración relixiosa, da que depende a capela e os oficios de honra a San Miguel; e a administración civil, representada en este caso pola Comisión organizadora da festa. Esta dualidade trae consigo algunhas discrepancias que se estenden á crítica da actuación municipal con respecto ó Breamo e á súa capela. Así, para os amantes da función relixiosa no Breamo, os organizadores dos festexos poñen moito empeño en todos os actos pero *'á igrexa que a parta un raio, se me descoido nin lle pagan ó cura por decir as misas, que algunha vez houbo problemas. O que lles interesa é o de fóra, a juerga, que o demais...'* Estas críticas, como xa dixen, esténdense á actuación do Concello verbo do acondicionamento do monte Breamo: *'si, moito facer mesas para merendar e así esas cousas, pero á capela non se toca. Ten necesidade duns cuantos arreglos por varios sitios....Pero si, moito Breamo e moita festa i a iglesia que caia'*.

Os que así se expresan aseguran ter falado cos integrantes do Concello e terlles manifestado as súas queixas, pero que oíron a calada por resposta porque a capela seguía igual⁶. Na súa opinión, o Concello era o responsable da restauración dos monumentos que se conservan en Pontedeume e, polo tanto, tamén da igrexa de Breamo por ser esta un deses monumentos. O Concello, pola súa banda, non parece estar moi de acordo con esta postura porque a capela non depende directamente da súa xestión. Os terreos que circundan a ermida si, pero o edificio en si pertence á Igrexa, logo debe ser a administración relixiosa quen amaíe a capela. Un concelleiro eumés explicábame que na súa opinión, e supoñía que na da maioría, o Concello de Pontedeume debía mercar máis terreos no Breamo (son de propiedade particular) para poder reordenar o espacio con vistas ás festas, pero tamén na procura de crear no monte unha área recreativa que poídesse atraer a máis turistas. Mercar terreos de maneira que se puidesen crear aparcamentos, máis zonas de ocio e de recreo, e unha infraestrutura que contase con rutas de sendeirismo. Pero que a capela non era da incumbencia do Concello nese senso: *'O que non é noso, aínda que é noso, pero o que non lle deixan a Pontedeume concello xestionar de forma tan directa, pois tampouco...Botar unha man, si, pero lle corresponde a outros organismos acondicionar a capela. Se fose propiedade do Concello, como sucede co Castelo entón el tería que buscar organismos que viñesen a invertir na restauración'*.

Como podemos ver nestas dúas formas de entender a cuestión as institucións, como ocorre con frecuencia, manéxanse dentro dunhas pautas poucas veces entendidas pola xente do pobo. Mentres para aquelas o arranxo da capela resulta unha cuestión de reparto de poder e competencias establecido en outras instancias superiores, que temporalizan e dilatan os asuntos que se queiren levar a cabo; para a xente normal, máis afeita á realidade inmediata, é un asunto de practica-

6. Isto ocorría no ano 1.997, non podo dicir se agora a situación segue igual

de e, evidentemente, dende o seu punto de vista resulta máis próximo e práctico que o arranxo da capela se leve a cabo dende o Concello, que sería o organismo máis achegado, ó que se lle poden pedir contas dun xeito máis directo e rápido. A maiores de ser ós seus ollos o encarregado de que todo funcione no municipio que lle toca rexer polo que o arranxo da capela de Breamo formaría parte da "*probabilidade de expectativas*"⁷ que cabería esperar da súa actuación.



Capela de Breamo.

MENSAXE ESPACIAL, RECADO TEMPORAL⁸

A vila de Pontedeume ábrese ós pés do monte Breamo. A elevación érguese na súa cara sur coma se fose un xigante encarregado de protexela dos posibles ataques que lle poidesen acontecer. Resulta imposible esquencer o Breamo dende a vila. A súa presenza nótase e faise presente en todos os momentos da vida eumesa onde a notoriedade desta cima traspasa os límites xeofísicos para se achegar ós sentimentos persoais dos integrantes desta comunidade, atribuíndolle á montaña a causa de determinados trazos de carácter que mostra a xente que compón a vila do río Eume.

7. S.F. Nadel. Fundamentos de Antropología Social. F.C.E., Madrid, 1.974.

8. Utilizo como título deste apartado unha expresión utilizada por Lisón Tolosana na súa obra: *Antropología Social y Hermenéutica*. F.C.E., Madrid, 1.983.

O monte forma parte inseparable das súas vidas como o fan todas aquelas cousas coas que se convive dende nenos e ás que resulta difícil esquivar converténdose nun anaco da identidade persoal de cada un. Quizais por iso o monte Breamo aparece unhas veces enchido de connotacións positivas, mentres que outras resulta impregnado de connotacións negativas.

Dada a intemporalidade da súa presenza, o monte Breamo convértese, xunto á ponte que cruza a ría, en referente obrigado da identidade espacial da vila eumesa. De feito leva asistindo á andadura da vila dende os tempos nos que esta se fundou como asentamento vilego na parte baixa das ladeiras breamesas. De tal xeito foi converténdose no seu amigo/ inimigo durante a existencia do asentamento urbano, porque o Breamo proporcionáballes ós eumeses a maioría das escasas terras para a labranza das que dispoñían na vila; pero tamén lles tiraba por riba as colleitas en forma de tromba cando a chuvia era moi abundante: '*Cando había unha forte tormenta e chovía moito, vías baixar as patacas ladeira abaixo cara á vila.*'. Por outro lado, o Breamo parapétaos e sepáraos doutros concellos veciños, pero tamén lles complica o acceso a moitos lugares próximos e impide, en parte, a extensión desa poboación; ademais de non permitir que o sol chegue á vila no tempo de inverno e de aumentar a cantidade de chuvia e de frío na localidade. Como podemos ler na pluma do frade Gumersindo Placer⁹:

(...) Yo creo que el Breamo es una angustia geográfica para Puentedeume. De hecho, le priva de la plena visión del mar abierto: dificulta la salida natural hacia Betanzos y La Coruña; se convierte en ventosa de las nubes, y, más de una vez, lanza sobre la villa torrentes devastadores de agua y lodo. En el verano, no defiende al pueblo de los rigores del sol, y, en el invierno, le da sombra anticipada; le roba luz, y le aumenta el frío. Tan avaro es de sus aguas, que sólo hilillos líquidos manda a la ría.

Aunque se le va conquistando poco a poco, posiblemente, el Breamo es la causa de que la villa no crezca, ni se extienda, ni ofrezca tierras, y riberas anchas, tanto para la industria, como para la explotación agrícola aceptable. El Breamo resulta, en este sentido, un amigo íntimo y pesado al que se le quiere y se le aguanta; pero que se quisiera verlo lejos."

Non resulta difícil escoitar dos eumeses queixas parecidas ó longo de diferentes conversas con eles. Así por exemplo pódese escoitar: '*nós vamos a pasear pola ponte ou, agora polo paseo marítimo, porque aquí non dá o sol*', ou: '*aquí sempre chove e dá moi pouco sol. No inverno casi*

9. Gumersindo Placer, *Crónicas de mi rincón natal*, E. Gráfica e Imp. Provincial. la Coruña, 1.977

non vemos o sol, tápanolo o Breamo'. Pero estas expresións físicas, ás veces, transmútanse ós sentimentos e ó carácter que reflicte a vila como pobo, como comunidade social; de tal xeito que cando alguén se queixa da inactividade que, ó seu xuízo, observa na vila con respecto a determinados asuntos económicos e culturais que afectan ó progreso e evolución da localidade, o monte Breamo acaba sendo o responsable, xa que imprime un determinado carácter ós vilegos. Neste sentido aparecen frases como: "*Pontedeume descansa á sombra do Breamo*", "*escondidos tras o Breamo*", "*durmidos á sombra do Breamo*", e outras variacións máis que un pode escoitar dos eumeses.

Diciamos antes que o Breamo se convertía nun referente obrigado da identidade eumesa, agora podemos, na miña opinión, dicir algo máis: o Breamo funciona como símbolo de Pontedeume. Pero non unicamente porque a visión do Breamo nos faga lembrar e nos represente á vila, senón tamén porque tendo en conta a definición que de símbolo nos da Victor Turner, na que especifica que "*símbolo es una marca, un moxón, algo que conecta lo conocido con lo desconocido*"¹⁰, pódese encontrar que o monte Breamo, unha elevación xeolóxica coñecida, representa para os eumeses unha infinidade de características e de sentimentos con respecto a súa vida en comunidade.

Incluso se podería dicir que a vila de Pontedeume conta con dous símbolos materiais significativos, sen embargo son dous símbolos cunha eficacia que desencadea sentimentos contrapostos: Namentres que o monte parapeta, defende e esconde á vila; a ponte ábrelle o acceso a outras localidades, pero tamén a posibilidade de chegada de foráneos, daqueles que para os eumeses constitúen '*a banda da ponte*'. No canto de que o Breamo some a Pontedeume en sombras e deixa ós eumeses sen luz e sen sol; a ponte resulta o lugar idóneo para ir tomar o sol de inverno. O monte impide que os eumeses desenvolvan actividade cara ó futuro, a ponte ponos na diatriba de ter que defender o que é o seu fronte a aqueles que progresan.

Pero o monte Breamo representa máis, representa e lembra a andadura como vila. Lémbrralle ós eumeses que de ser un asentamento illado ós pés da elevación que non dependía de ninguén, a non ser o rei, pero que tampouco tiña baixo a súa tutela a ningunha outra poboación, pasou a ser a cabeza de Concello da que depende un determinado número de parroquias, entre elas Breamo, que fora antes un couto independente. Quizais sexa precisamente iso o que conmemoran as romarías de Breamo e descansen aí a razón de que a organización destas festas parta precisamente da vila e non da parroquia da que Breamo é un anexo, a parroquia de San Pedro de Vilar.

Para precisar máis este suposto faise necesario comprender a importancia que desempeñan, e sobre todo desempeñaban, as parroquias e as festas parroquiais, alomenos en Galicia. Segundo as investigacións realizadas en distintas zonas de Galicia por Fernández de Rota e por Lisón

10. Victor Turner, *La Selva de los Símbolos*. Siglo XXI, Madrid, 1.990

Tolosana¹¹, aínda que sen ser unha unidade dotada de personalidade xurídica, a parroquia constituía unha unidade social e cultural de primeira orde, dado o espallamento dos grupos de poboación existentes nestas terras; e polo tanto era tida en conta como unidade comunitaria polos concellos e a administración. Socialmente, a parroquia pasaba a ser o primeiro centro comunitario para aqueles lugares que estaban adscritos a ela por se converter a igrexa parroquial no primeiro centro de reunión periódica de todos os parroquiáns, onde tiñan a posibilidade de enteirarse dos sucesos acaecidos durante a semana e de relacionarse cos demais veciños e compoñentes da mesma comunidade.

As festas parroquias celebradas na honra do Santo Patrono constituían, polo tanto, a máis transcendente celebración desa comunidade veciñal e tiñan a importancia de representar a súa unión de cara ás outras parroquias, ó tempo que servían como un vehículo de relación interparroquial no que ela representaba o papel de anfitrióna. Este significado, aínda que posiblemente un pouco mingado en relevancia, continúa a ser válido na actualidade para as festas parroquias, polo que chama a atención que a celebración da romaría de Breamo non corra ó cárrego da parroquia de Vilar.

Sen embargo, se temos en conta que a verdadeira parroquia de Breamo ten desaparecido hai tempo e que os seus fregueses, malia estar comprendidos na igrexa de San Pedro de Vilar, moitas veces pola distancia non acoden a ela senón que se espallan por outras parroquias máis próximas ou de mellor acceso para eles (tal é o caso de moitos dos residentes no Barro, agora lugar de Vilar e antes de Breamo, que acoden ás misas da parroquia de Santiago de Pontedeume); podemos deducir que o papel da parroquia como lugar de socialización deixa de ter a significación que noutros tempos puido desempeñar para estes fregueses. Esta dedución pódenos explicar, en parte, a razón pola que a parroquia de Vilar non organiza as romarías, máxime se temos en conta que esta ten as súas propias festas parroquiais. Pero neste caso concreto, a evolución histórica pódenos axudar a entender un pouco mellor a razón pola que a vila de Pontedeume colleu o relevo da celebración.

Segundo as investigacións de Carlos de Castro Álvarez¹², no ano 1.771 un visitador do Couto de Breamo concedeu corenta días de indulxencia a todo aquel que rezase un Noso Pai e un Ave María con Gloria Patri perante a efíxie de San Miguel, debido ás condicións climáticas e a penosa subida ata a capela. Este dato, recollido no Arquivo parroquial de Vilar polo historiador, dános idea de que poucos fregueses debían subir ó cumio do Breamo para escoitar a misa, o que fai que se poda pensar que a parroquia non funcionase no mesmo sentido parroquial do que falabamos un pouco antes. Idea na que inciden as averiguacións de que a partir do século XVII xa non se bautizaba na capela, nin se enterraba no seu cemiterio; todos estes datos axudan ó pensamento de que tal vez non fose a parroquia quen se ocupaba da festa de San Miguel.

11. Lisón Tolosana, *Antropología cultural de Galicia*, Akal, 1.971.

Fernández de Rota J.A., *Antropología de un viejo paisaje gallego*, C.I.S. 1.984

12. C. de Castro Álvarez, "En torno al Real Priorato de Breamo y a su iglesia". Artículo publicado en *Cátedra*, revista eumesa de estudios. Pontedeume, 1.995

Pero aínda queda outro feito constatado de bastante importancia e é a comprobación da existencia dunha confraría de San Miguel de Breamo, que era quen realmente organizaba e celebraba a festa, así como o sufraxio de todo o que tiña que ver co culto de San Miguel. Seguindo as pesquisas realizadas por Carlos de Castro Álvarez, quedan probas suficientes para saber que existiu unha confraría '*intitulada del Glorioso San Miguel de Breamo*', e os seus cofrades pertencían ás freguesías de Vilar, Breamo, Perbes, San Xoán de Vilanova, Castro, ombre, Centroña, Nogueirosa, Andrade e Pontedeume. No artigo escrito por este autor podemos ler:

"En sus ordenanzas se establece, entre otras normas, la celebración de 12 misas anuales; entre ellas, la del día del Santo, cantada y con vísperas; la organización, ese día, de una comida a la que tenían obligación de asistir todos los cofrades y el nombramiento anual de mayordomo."

E nunha nota a pé de páxina indica:

"Todos los ocho de Mayo se realizaba una comida a base de carne de vaca, carnero, tocino y gallina, y se contrataba a un gaitero y a un tamborilero. Con el paso del tiempo, en torno a 1670, la Cofradía deja de costear la comida, pero no de contratar la música, lo que hará hasta su desaparición."

Podemos, pois, concluir que efectivamente quen se ocupaba da organización das romarías de Breamo era a '*Confraría do Glorioso San Miguel de Breamo*'. Sábese, tamén, que na segunda metade do século XIX na igrexa de Breamo se celebraba unicamente a misa do oito de maio, xa desaparecida a confraría. Coñécese, por outro lado, que na división territorial realizada en 1.856, pasan a formar parte do municipio de Pontedeume as terras de Vilar, Breamo e Centroña. É dicir que tanto Breamo como Vilar, do que xa era anexo nesa época, pasan a pertencer á xurisdición de Pontedeume.

O mesmo sucedeu co arrabalde de San Roque, que se encontraba extra muros e que tamén formara parte de Vilar. Neste arrabalde instituírase unha confraría en honor a San Roque¹³, confradía que en 1844 non consegue mordomo, de xeito que o Concello de Pontedeume faise cargo dos gastos ocasionados polos festexos.

Non dispoño neste momento de datos que me axuden a constatar, aínda que o creo moi posible, que da mesma maneira que fixera cos festexos adicados a San Roque, o Concello de Pontedeume puidera tamén, nun principio, ocuparse das celebracións de Breamo despois da desaparición da confraría, dado que agora estaba baixo a súa xurisdición. Pero que mentres aquelas ter-

13. Arquivo Municipal de Pontedeume. Confraría de San Roque

minaron por desaparecer, as segundas, quizais por calaren máis fondamente no sentir da xente eume-
sa, continúan celebrándose na actualidade e por iso mesmo a organización segue partindo da vila.



APROXIMACIÓN Ó SIGNIFICADO DAS ROMARÍAS DE BREAMO

Á vista de todo o que se foi describindo nas páxinas anteriores parece cumprido o obxectivo de ir desenfiando os moitos envoltorios que arroteaban á festa do Breamo e foron aparecendo no seu lugar diversos bloques de significado que se poden resumir en tres grupos: nun primeiro lugar xorde a significación que trae consigo a situación espacial da elevación, a seguir encóntrase unha referencia á transcendencia temporal da comunidade; e, para rematar, a propia comunidade reinterpreta e reflicte o seu agrupamento en cada celebración das romarías de San Miguel.

Pero comecemos a comentar cada grupo de significación un pouco máis detidamente. Como xa quedou dito, o Breamo illa e separa a vila doutros concellos limítrofes; fai difícil o seu acceso pola cara sur e parapeta os seus moradores. É, ademais, o cumio do monte un lugar afastado, distante, liminal; no que se poden representar e reinterpretar ritos de diversas crenzas. Un espacio sacralizado que permite a ruptura co cotián que envolve á vida diaria. Sen embargo, o Breamo é algo máis que isto xa que constitúe o lugar común de todas as parroquias que no seu día tiveron integrantes dentro da desaparecida Confraría do Glorioso San Miguel de Breamo. De tal xeito, a máis de representar a fronteira natural con outros concellos, o monte representa a unidade espacial que xunxía os veciños das unidades parroquiais que pasarían, despois, a formar parte da mesma unidade territorial.

E así, nos días sinalados para as romarías os romeiros, en grupos grandes ou pequenos, pónense en marcha para subir ó cumio da elevación. A maioría dos asistentes son moradores da vila de Pontedeume, pero son bastantes os que acoden dende outras parroquias do concello e dalgúns lugares próximos a el. Todas estas xentes activan o significado simbólico-espacial que o Breamo representa: a unión de todas as parroquias dentro dun mesmo concello, dunha única unidade de división territorial de cara ós demais concellos circundantes. A unidade xurídica dunha terras que bordeando a elevación se unifican baixo a presenza do monte.

A transcendencia temporal desta unión de territorio queda a súa vez simbolizada ó ser reinterpretada en cada ocasión, o labor que escomenzaran os confrades de San Miguel hai xa varios séculos. Posto que en cada posta en escena da romaría se revive de novo a fe que aqueles homes deberon de ter cando decidiron commemorar ó Santo mediante a celebración de misa e comida cada oito de maio e vintenoventa de setembro, pero tamén o momento no que, por imposibilidade dos confrades, o concello, xa formado, decide continuar a misión que se impuxeran os membros daquela confraría, lexitimando, deste xeito Pontedeume, a súa nova posición como cabeza visible dunhas terras ás que debe rexer e protexer.

De tal maneira, o tempo das romarías convértese por contaxio simbólico nun tempo sagrado e lexitimador da orde política establecida. En palabras de Lisón Tolosana:

"El tiempo de epifanías no sólo es sacro, sino eminentemente moral, porque sanciona y justifica un orden, institución, norma o derecho (...).¹⁴".

Quizais por todo isto a organización dos festexos parte da vila e non a volveu retomar a parroquia da que depende a igrexa de Breamo; e quizais tamén debido ó anotado, na procesión que arrodea o adro da Capela de San Miguel non sexa precisa a representación do concello; porque o que se persegue nestas romarías é precisamente o festexar a unión libre e desexada por todos os asistentes sen que teña que reforzala unha representación do goberno da vila. Puidera ser que o que se busca sexa a celebración en igualdade da agrupación dun territorio e as xentes que o conforman, esquencendo as xerarquías e a oposición vila/ parroquias que constitúe neste caso o día a día imposto pola división política da comarca.

Desta maneira o recalcamto que os entrevistados fixeron acerca de que as romarías de Breamo constituían unha celebración entre iguais quedaría ratificado e afianzado non só para as xentes da vila senón para os de todas as parroquias que alí acoden. E o poder catárquico e de ruptura das formas habituais de clasificación quedaría estendido para os integrantes de todo o concello. De feito estas celebracións resultaban tamén moi queridas e especiais para os moradores das parroquias eumesas cos que falei do tema, aínda que deixaran ver na maioría dos casos unha idea fixa: *"A romaría non é igual para nós que para os da vila, creo que para eles é algo máis especial, pero pásase moi ben nelas"*.

Temos, pois, que por oposición á xerarquización e ó formulismo das relacións nas que discorre a vida cotiá dos eumeses, na cima do Breamo todos falan con todos, convídanse entre eles ás viandas que levan preparadas, esquencen diferencias de pensamento e de opinión, e gozan da celebración da vida en comunidade sen ningún atranco. O viño axuda e propicia este establecemento de relacións de todo tipo. O día do Breamo é un día para non ter en conta o que os demais fagan. Os máis novos explícanos dicindo que poden facer calquera cousa, incluso pelexar ou encarasarse con alguén. Os de máis idade comentan que os días de Breamo son axeitados para esquencer todas as diferencias, pero que non poden ser aproveitados para iso, xa que é máis ben unha xornada de "hermanamento", de amizade por riba de todo o demais.

No que si coinciden todos é na afirmación de que no cumio do Breamo teñen un protagonismo básico da igualdade e a liberalidade nas relacións cos demais. Liberalidade que alcanza o terreo das relacións interxéneros, que se fan moito máis doadas. Incluso hai quen di que estas relacións se producen aínda entre persoas que teñen outra parella e que chega a haber "fillos do Breamo", referíndose a que foron enxendrados no día da romaría. Para outros tales afirmacións resultan un tanto esaxeradas asegurando que: *"Co correr do viño resulta máis doado que poda haber unha relación desa índole, pero tanto como fillos..."*.

14. Lisón Tolosana, *Antropología Social y Hermenéutica*. F.C.E.1.983

Este tipo de liberalización das formas e normas da vida cotiá non fai máis que nos ratificar na idea de que nas romarías do Breamo se procura unha ruptura coa orde establecida, desviándose do entramado ríxido de relación que xera a estrutura da sociedade na vila para ir na busca da non-estructura que propicia toda communitas; perseguindo unhas relacións de solidariedade e igualdade que afirmen e aseguren a súa identidade como comunidade agrupada dentro dun mesmo concello.

Pero toda antiestructura, aínda que sexa momentánea e controlada, require dunha estrutura que manteña a orde interna da comunidade, que lles lembre ós compoñentes a súa forma esencial de vida dentro da comunidade lexitimamente estruturada; un fío conductor que lles impida saír das canles trazadas e os devolva á situación coñecida da normalidade vilega. E ese papel cumpre á perfección a asistencia ás romarías en grupos de amigos ou de familia. Esta forma de achegarse ó Breamo simboliza a segmentación que funciona e valida a sociedade na que están inmersos. Tal simbolización reforza e lexitima a división social existente na vida ordinaria.

Evidentemente non creo que ningún dos asistentes ás romarías de Breamo imaxine ou se formule as teorías aquí desenvolvidas cada vez que sobe ó monte, nin siquiera cando non sobe. Loxicamente a súa idea de acudir ó Breamo é a de gozar, pasalo o mellor posible e vivir un día de amizade cos demas asistentes á festa. Sen embargo, estas son as teorías que se tiran das afirmacións que eles mesmos fixeron acerca das romarías.

Mayo 2000.



BIBLIOGRAFÍA

- CASTRO (de) ALVAREZ, Carlos : "Entorno al Real Priorato de San Miguel de Breameo y a su iglesia". Cátedra, Revista de estudios eumeses. Pontedeume, 1.995.
- COUCEIRO FREIJOMIL, A.: 1.981, *Historia de Pontedeume*. Pontedeume.
- DOUGLAS, M.: 1.991, *Pureza y peligro*. Siglo XXI, Madrid.
- FERNÁNDEZ DE ROTA, J.A. : 1.984, *Antropología de un viejo paisaje gallego*. C.I.S., Madrid.
- GÁRATE CASTRO, L.A.: 1.998, *Los sitios de la identidad*. Univesidade da Coruña. A Coruña..
- GEERTZ, C.: 1.990, *La Interpretación de las Culturas*. Gedisa, Madrid.
- LISÓN TOLOSANA, C.: *Antropología Cultural de Galicia*. Akal, Madrid, 1979. y *Antropología Social y Hermenéutica*. F.C.E., Madrid, 1983.
- M. VELASCO, H.: 1.982, *Tiempo de Fiesta*. A.M.A., Madrid.
- NADEL, S.F.: 1.974, *Fundamentos de Antropología Social*. F.C.E., Madrid.
- PLACER, G.: 1.977, *Crónicas de mi Rincón Natal*. A Coruña.
- TURNER, V. : 1.990, *La Selva de los Símbolos*. Siglo XXI, Madrid.